



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

INICIO EXPTE. CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTECESO- EXPTE. 2024/C004/000003

O 7.02.2023 a Mesa de contratación de carácter permanente reúnese e indica que o prazo para presentar ofertas rematou o pasado 25.01.2024 ás 23.59 horas, sin que se presentara ningunha proposta para tomar parte na licitación, polo que acorda comunicar ao órgano de contratación que a licitación para este contrato SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR QUEDOU DESERTO ao non presentarse no prazo regulamentario ningunha proposta para tomar parte nela. A competencia para ven atribuída ao Pleno pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, ao superar o valor estimado do contrato, cifrado en 3.357.267 euros (IVE excluído), o 10 por cento dos recursos ordinarios do vixente orzamento municipal, cifrados en 472.102,62 €, se ben deberase ter en conta que tanto a aprobación do expediente como a súa adxudicación deberá ser sometida á Xunta de Goberno Local, órgano que ostenta a competencia, ao ser delegada a mesma polo acordo do Pleno de data 13-07-2023. Previamente ao acordo da Xunta de Goberno Local deberase someter a proposta de acordo ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

Sometida a proposta á Comisión de Asuntos Xerais a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 15-03-2024 adoptou o acordo de declarar deserta a licitación do expediente de contratación 2023/C004/000001, "Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso".

Persistindo a necesidade urxente de proceder á nova licitación do servizo, deberase iniciar co informe de necesidade e de insuficiencia de medios, así como o informe das horas que se precisan para a execución do dito servizo, para que posteriormente se emita o informe económico que determine o seu custe, valor máximo da hora aplicando o convenio colectivo en vigor, para determinar o valor estimado e o orzamento máximo de licitación.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación "Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso", expediente 2024/C004/000003.

SEGUNDO.- Que pola traballadora social se emita o informe de necesidade e de insuficiencia de medios, así como o informe que determine as horas a prestar no servizo, con indicación expresa das horas de libre concorrencia e dependencia.

TERCEIRO.- Que polo TAX-coordinador xeral se emita o informe de custos do servizo para determinar o valor máximo da hora aplicando o convenio colectivo en vigor, para establecer o valor estimado do contrato e o orzamento máximo de contratación.

CUARTO.- Unha vez emitidos os informes dos puntos segundo e terceiro a traballadora social



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

emitirá o prego de prescricións técnicas e polo TAX-coordinador xeral redactarase o prego de cláusulas administrativas particulares e o seu informe como xefe da dependencia de contratación, para posteriormente someter o expediente aos informes preceptivos de secretaría e intervención.

QUINTO.- Dar conta desta resolución aos correspondentes departamentos e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ponteceso, na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

A secretaria
(Dou fe aos efectos do art. 3.2 do RD 128/2018)

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado